

**XOVES 14 DE XUÑO DE 21 A 24**

MÚSICA: DJ. FOCUZ. BLACK BOOK SESSIONS. MADRID  
IMAXE.: DANNY SANGRA. LONDRES (UK)

**XOVES 28 DE XUÑO DE 21 A 24**

MÚSICA: THE SUGAR Co. CORUÑA  
IMAXE: AISER ONE. CORUÑA

**XOVES 12 DE XULLO DE 21 A 24**

MÚSICA: DJ. SANDRO BIANCHI. TARIFA – SUBTERFUGE RECORDS. MADRID  
IMAXE: JUAN MIRANDA. EBAM. CORUÑA

**XOVES 26 DE XULLO DE 21 A 24**

MÚSICA: FRANK H. OUI/COPOLA. MADRID  
IMAXE: SILVERBERRY. CORUÑA

**SÁBADO 11 DE AGOSTO DE 12 A.M. A 12 P.M.**

ARTEC. THE PARTY!

ACTOS MULTIDISCIPLINARES DE ARTE E MÚSICA ELECTRÓNICA NOS XARDÍNS ANEXOS Á FUNDACIÓN LUÍS SEOANE (ANTIGA IGREXA DE SAN FRANCISCO), COA PRESENCIA DE ARTISTAS RELEVANTES DO PANORAMA NACIONAL E INTERNACIONAL.

**XOVES 23 DE AGOSTO DE 21 A 24**

MÚSICA: DJ XAN. DUPLIKAT RECORDS. BERLÍN  
IMAXE: DSK. ESFEROBITE. BARCELONA. CORUÑA

**XOVES 6 DE SETEMBRO**

MÚSICA: INO. HOUSE CAFÉ MUSIC. CORUÑA  
IMAX: VJ. THE END. GLOBAL CLUB/ARTE REGULABLE. CORUÑA

**XOVES 20 DE SETEMBRO DE 21 A 24**

CONFERENCIA: WILLEM RUÍZ. SANTIAGO  
“A CULTURA ELECTRÓNICA HOXE, DESDE A PERSPECTIVA MUSICAL”

**XOVES 20 DE SETEMBRO DE 21 A 24**

MÚSICA: ROB C. SUBWAY. AGELESS. VALENCIA  
IMAXE: MANUEL SUÁREZ CASAL. CORUÑA

**BIOGRAFIAS****DJ FOCUZ**

Black Book Sessions. Madrid

Productor madrileño, dj e promotor de prestixio, ademais de director artístico das Black Book Sessions, un dos eventos da capital con máis renome, tanto pola selección de artistas (DJ Krush, Mark de Clive-Lowe, 2000 Black ou Bugz in The Attic, como pola produción dos mesmos e, tamén, pola elección dos espazos: Circulo de Bellas Artes, Calle 54 e a magnífica terraza do Hotel Puerta de América. O seu estilo é o Jazz, Future Soul e Broken Beats.

[www.myspace.com/blackbooksessions](http://www.myspace.com/blackbooksessions)

**DANNY SANGRA**

Londres

Londinense, graduado en Central St. Martins, destaca por ter inundado moitas tendas e rúas de Londres cos seus grandes murais. A maior parte deses traballos desapareceron pero conservan algo da súa obra na M-Store de Dray Walk, preto de Brick Lane. Despois comeza a traballar co grupo de artistas de Scrawl Collective onde se converte nun dos máis creativos e con máis proxectos, o que lle leva a colaborar co prestixioso deseñador Marc Jacobs.

[www.dannysangra.com](http://www.dannysangra.com)

[www.clmuk.com](http://www.clmuk.com)

[www.scrawlcollective.co.uk](http://www.scrawlcollective.co.uk)

[www.myspace.com/dannysangra](http://www.myspace.com/dannysangra)

**THE SUGAR CO.**

A Coruña

Xan Barral e Diego Santos son dous xóvenes djs coruñeses inmersos nun mar de sons deep e grooves infinitos. Son residentes da sala Telefunken e solen participar nos principais eventos da súa cidade. Farán desta a noite perfecta para amosar os seus máis recentes traballos de estudio baixo o alias de The Sugar Co.

[www.housecafe.com/nightlife/xan-barral](http://www.housecafe.com/nightlife/xan-barral)

[www.housecafe.com/nightlife/diego-santos](http://www.housecafe.com/nightlife/diego-santos)

**ASIER ONE**

A Coruña

ASIER ONE creouse como artista de graffitti a mediados dos anos 90, ao mesmo tempo que comeza a viaxar por todo o país para exercer a súa arte underground xunto outros artistas de cidades como Barcelona, Madrid, Granada, Elche, Valladolid, etc..

A partir de 1995 estivo promovendo a tendencia a decorar locais, bares e negocios de todo tipo, con técnicas de graffitti na cidade de A Coruña. Tamén participou na maioría de eventos relacionados co street art que se levaron ao cabo en Galicia.

**SANDRO BIANCHI**

Tarifa Records. Subterfuge Records. Madrid

Productor e dj italo peruano, afincado en Madrid, onde pasou polas cabinas de case todos os clubs. Actualmente é residente en: Gold, Laydown, Museo Chicote. O seu estilo é unha fusión de electrónica con jazz, soul, hip hop, funk, dub. Actualmente dirixe tres programas de radio (DialSoul, LocaFm, e Radio Círculo). Artista multidisciplinar, o seu peculiar estilo marca tendencia.

[www.sandrobianchi.com](http://www.sandrobianchi.com)

[www.myspace.com/djsandrobianchi](http://www.myspace.com/djsandrobianchi)

**JUAN MIRANDA**

Ebam. A Coruña

Licenciado en Belas Artes pola Universidade Complutense (Madrid). Traballa como artista independente ao fronte do Estudio de Bellas Artes Miranda (EBAM), facendo diferentes actividades e proxectos relacionados coa arte e a cultura. "As técnicas tradicionais e os novos medios e materiais dispútanse o protagonismo na obra de Juan Miranda; táboas, lenzos, estucos, resinas, témperas, vinilos... relaciónanse dentro da cociña-laboratorio que é o estudio do artista"

[www.ebam.ws](http://www.ebam.ws)

**FRANK H.**

Oui/Copola. Madrid

DJ de orixe vasco coruñés residente en Madrid. Coleccionista musical que ha comenzado a pinchar música en 1989 y ha sido residente en clubs tan míticos como CAFÉ OLE (La Coruña), OUI (Madrid) y LEKI (Madrid). Actualmente es residente en OUI y COPOLA.

**SILVERBERRY****A Coruña.**

Profesor asociado de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra y profesor invitado de la Universidad de A Coruña, Juan Martínez de la Colina es artista plástico e investigador del arte digital. Director de las Block Parties de la Fundación Seoane, es codirector de ArTeC 07.

[www.juandelacolina.com](http://www.juandelacolina.com)

**MENSICO**

Mupa, Discos de Lata. Madrid

Dúo formado por Pilas e Sintec que nace en 2006 e explota a vertente máis techno de ambos artistas. Se dixo de Mensico que é coma se Richie Hawtin e Someone Else fixeran por fin música xuntos. Actualmente teñen un e.p. no mercado (3 semanas en charts de vendas) e atópanse outros á espera da saída ao mercado, do seu debut para Discos de Lata (selo madrileño propiedade de Santi Xpansul), un novo e.p. para Mupa de tamén inminente publicación.

**FAT FISH**

Abyssal fishing. A Coruña

Dj e promotor musical, Ricardo Ramos é codirector de ArTec 07. A súa paixón pola música e a variedade de estilos que domina, fai deste un dos máis eclécticos djs. O seu traballo ao fronte de Discorder, a mítica e xa desaparecida tenda de discos de Madrid foi a pedra angular no seu devir artístico, o que lle leva a coordinar e actuar en innumerables eventos do estado español. Actualmente reside en A Coruña, a súa cidade natal, onde sole ofrecer as súas sesións en diversos locais e actos.

**MUERTO meets ARCANOID**

Zero Oscillator. Madrid

O selo Zero Oscillator é unha plataforma musical que xurde da necesidade de Óscar Mulero e Dj Muerto por expresar a amplitude do seu espectro musical de dúas formas. En primeiro lugar, como organizadora de eventos e tamén como selo discográfico. Nunha sesión de DJ Muerto a sorpresa está garantida. A base dunha coidada selección musical que se reparte entre a tradición electrónica e os sons máis futuristas e arriscados. O presente só da cabida ás modas e tendencias de última hora, Muerto non ten nada que ver co son desta semana ou o último nos charts. É música electrónica de verdade, sen aditivos.

[www.myspace.com/djmuerto](http://www.myspace.com/djmuerto)

**ROBOTIQUE**

8Z8. Madrid

DJ Collective que nace no 96 na mítica sala Maravillas de Madrid. Composto nos seus inicios por Waje & Fake onde desenvólvense de xeito pioneiro na península, sesións exclusivas de son Electro. Actúan nos festivais máis importantes da época. Desde entón teñen traballado como colectivo e en solitario ate que Waje aka Vortex (Madrid) e Awco (Bruselas), nos finais de 2006, desde o colectivo Electro Robotique, crean o clube 8Z8.

[www.myspace.com/8z8](http://www.myspace.com/8z8)

**GROBAS**

Thrasher Home Recordings. A Coruña

Productor, dj e director do selo Thrasher Home Recordings, plataforma que lle serve para achazar os seus traballos, así como de artistas nacionais e internacionais. Desde marzo de 2005 é promotor das noites chamadas 981Sessions e 981 Festival no Playa Club de A Coruña, onde brinda ao público a electrónica de club máis vangardista. Actuou en infinidade de clubs de toda España, Portugal, Alemaña, Rusia, etc... e tivo o privilexio de viaxar varias veces á cidade de Nova York, onde demostrou a súa gran virtude como dj.

[www.myspace.com/grobas](http://www.myspace.com/grobas)

**VISUALEX**

Málaga

Alejandro Biehler Bentabol, expresa as súas inxerencias sociais, a súa visión da vida e do ser humano resultando nunha exposición de imaxes secuenciais e instalacións multimedia que xuntan a súa particular estética cun uso funcional e decorativo.

Imaxes capturadas, manipuladas, efectos creados no soporte dixital, os elementos actúan como un potente soporte para envolver as postas en escenas da música electrónica deseñando e creando un complemento que se adapta en sintonía perfecta, estilizando e embelecendo, creando un envoltorio visual para un soporte acústico.

**INO**

House Café Music. A Coruña

Productor, dj, promotor e director do selo House Café Music. Estivo actuando desde 1997 por numerosas salas de España e Portugal, ademais de acudir a clubs de países como Rusia, Suíza, Alemaña, EEUU, etc. Sen dúbida, un dos responsables da promoción e difusión da cultura electrónica en A Coruña. Os seus temas teñen gran acollida en todo o mundo, principalmente en Nova York, en onde estivo varias veces pinchando.

[www.housecafemusic.com](http://www.housecafemusic.com)**VJ THE END**

Global Club/Arte regulable. A Coruña

Dj Cuco, ademais de percorrer todos os clubs da cidade e de fora dela, é un polifacético artista coruñés. Actualmente é o promotor, alma mater de Global Club, e todo isto acompañando ao seu labor como Vj. É o coordinador do evento Arte Regulable, onde se mestura arte visual, escénico e sonoro, que tivo a súa primeira edición en 2006 e que, sen dúbida, terá continuidade este ano e esperemos que moitos.

**ROB C**

Subway. Ageless. Valencia

Dj, promotor e director da prestixiosa distribuidora de música electrónica de Valencia, Subway. Tamén forma parte da organización do Festival Internacional de Investigación Artística OBSERVATORI, encargándose da produción e colaborando no line-up do Festival. O seu estilo musical é "Electrónica de Vanguarda" ou como el mesmo a denomina "serious electrónic underground music".

[www.subwaydistribution.com](http://www.subwaydistribution.com)**MANUEL SUÁREZ CASAL**

A Coruña

Seguir a traxectoria bio-pictórica do artista coruñés Manuel Suárez Casal é un exercicio moi semellante ao de relerse unha boa haxiografía dun clásico contemporáneo. Xustamente esas que nos contan que a arte, de seu, é evolución e procura permanente. Fai nada deixara a Manuel inmerso no seu mundo medieval, expresionista, cheo de azuis doncelas e bodegóns sorprendentes polo vividos e certos que semellaban; hoxe asistimos ao seu desembarco na abstracción.

**DJ XAN**

Duplikat. Berlín

Histórico Dj coruñés que comeza a súa traxectoria a mediados dos anos 80, en 1999 trasládase a Berlín. Actualmente é internacionalmente coñecido como Dj especializado en Black Music (Soul, Funk, Hip Hop, Reggae, Boogaloo, Afro e Latín Funk) pero tamén gusta da música electrónica progresiva, electro, breaks, mash-ups, favelafunk e drum'n bass.

[www.duplikat.org](http://www.duplikat.org)**DSK**

Barcelona

Belén Montero e Juan Lesta son dous artistas multidisciplinares orixinarios de A Coruña. Baixo o nome de DSK actúan como realizadores-directores de proxectos audiovisuais relacionados coa música ou a arte: vídeo en tempo real para concertos en directo, videoclips, videoinstalacións... son algúns dos seus eidos. Traballaron para Fangoria, Astrud, La Buena Vida, etc..

[www.esferobite.com/](http://www.esferobite.com/)**SLEEPARCHIVE\*LIVE.**

Berlin

O nome do momento. É importante o do seu nome porque igual que ten ocorrido con outros seudónimos misteriosos, a súa identidade real tardou bastante en desepaxarse. Díxose del que, polas súas creacións, era Richie Hawtin, aínda que co tempo xa nin se sabe cántos nomes máis foron baraxados en innumerables especulación. Mika Vainio (Panasonic) foi outro, pero ao final descubriuse que o seu nome era outro: Stephan Metzger. Os seus primeiros maxis como Sleeparchive axudárono a gañarse o favor do público interesado polo novo son de baixos pesados, salpicado con acid e estruturas complexas, para un produtor que, malia súa timidez, ten moito que dicir.

[www.sleeparchive.de](http://www.sleeparchive.de)